

# NEBOA

## REVISTA ESCOLAR

Nº 39 - ANO 2024

LE  
TR  
SA  
S


2024

G  
A  
L  
G  
A  
S  
S  
S



LUÍSA VILLALTA

Áxel Rodríguez Cambra, 6º



## SUMARIO

Editorial .....	1
Lembranzas ex-alumnos/as .....	3
Celebracións .....	5
Magosto .....	5
Día Internacional contra a Violencia de Xénero .....	8
Nadal.....	9
Día da Paz.....	11
Día de Rosalía .....	13
Entroido .....	15
Día da muller .....	21
Letras Galegas .....	23
Fin de curso .....	26
Paula Carballeira .....	28
Proxectos.....	30
Lerías e enredos doutro tempo .....	30
Informática/E-Dixgal .....	35
Club de ciencia .....	36
Biblioteca/Plambe .....	38
Ramón D. Veiga .....	44
Escola modelo Ponte nas Ondas.....	47
Radio escolar .....	48
Escribimos.....	49
Obradoiros .....	60
Saídas .....	71
Música.....	77
Educación física/Sendeirismo .....	78
Inglés.....	81
Relixión.....	86
Pasatempos .....	88
Despedida .....	89

# EDITORIAL

Bos días prezados/as lectores e lectoras da revista Néboa!

Nós somos o alumnado de 6º do CEP Carlos Casares. Este ano tócanos facer a editorial da nosa marabillosa revista. Agora ímosvos contar os acontecementos máis importantes para nós neste curso.

Sempre fomos a clase máis pequena do cole, pero este ano chegou un novo compañeiro, Alessio. Agora a nosa clase conta con 7 membros.

A primeira celebración do curso foi o magosto, e como ía cancelarse por mor das choivas, os de sexto recollemos firmas de tódalas nenas e nenos do cole. E así salvamos o magosto!

O proxecto escolar deste ano é “LERIAS E ENREDOS DOUTRO TEMPO” polo que todos os nenos e nenas, mestras e mestres trouxemos xogos populares para unha exposición no cole.

Explicámoslle a exposición ao resto de cursos, aos nenos e nenas de 1º e 2º da ESO e ata viu a TVG.

O alumnado de 2º, 5º e 6º acudimos a Ponte nas Ondas para recibir un premio especial polo traballo que fai o noso centro recuperando imaxes do patrimonio.

Polo Nadal fixemos unhas mandalas entre todo o alumnado do centro e algunhas delas enviáronse ao Concello para que as expuxeran entre a súa decoración.

O terceiro ciclo participou en ciberseguridade e os de 5º quedaron

primeiros. Como agasallo aos alumnos déronnos dúas mochilas, un cubre cámaras... e para o cole un ordenador, entre outras cousas.

No entroido, como chovía, actuamos no pavillón de Leirado. Logo chamáronnos o venres pola tarde para o sábado ir desfilar. Os que fomos alí, ao chegar desfrutamos dun chocolate quente moi rico e despois xogamos un rato na praza.

Co motivo do Día da Muller e tendo en conta a temática do centro, este ano investigamos e aprendemos moitas cousas sobre algunhas mulleres deportistas. Logo fixemos entrega de medallas no salón de actos e todos fomos caracterizados dunha deportista. O bo de ser os maiores do colexio é que sempre nos toca presentar, e sendo actos como este a satisfacción é maior.

Despois visitáronnos dous grandísimos escritores: Ramón de Veiga que estivo cos do primeiro ciclo e Paula Carballeira, co segundo e terceiro ciclo.

Case sen coller alento celebramos o festival das Letras Galegas, un dos festivais estrelas do noso colexio. A organización e montaxes das actuacións dan moito traballo pero saímos sempre encantados co resultado.

Ademais de todo isto fixemos máis cousas, que de seguro descubriredes ao longo desta revista.

Esperamos que desfrutedes da revista!



## LEMBRANZAS DOS EX-ALUMNOS E ALUMNAS

Estiven no colexio CEP Carlos Casares dende o ano 2005 ata o 2011. Funme poucos anos antes de que empezaran as reformas e pechara o marabilloso quiosco de Julia. A diferenza doutras experiencias que tiven despois no instituto e a Universidade, no colexio eramos un grupo bastante reducido, o que nos permitía coñecernos entre todos e todas e á vez aprender moito mellor. Non recordo moito da miña época escolar, pero recordo con especial cariño os festivais ao final dos trimestres (que agora podo volver a desfrutar) e o entroido, cos nosos disfraces caseiros e as ordes disparatadas do meco. Tamén recordo os recreos no patio, xogando no arco da vella e a randeeira e os meus últimos anos na emisora. Este colexio supuxo un gran paso no meu desenvolvemento, un camiño que recorreu primeiro miña nai, despois eu e agora os meus dous primos.

### ILEA RODRÍGUEZ, PRIMA DE ÁXEL 6º

Ola, chámome Fernando e son o pai de Níobe (6º) e Leia (4º) , comecei a estudar no CEP Carlos Casares con seis anos, no curso 1986-87, en primeiro de EGB.

Este foi o meu único curso neste cole, pero recordo que eramos moitos na clase, uns trinta.

Recordo que un día, no recreo, escapei do colexio pola valla do bosque. Corrí polo monte ata chegar á casa, en Cabreira, da miña avoa Lucinda.

Estiveron todos os alumnos e mestres buscándome. O director tivo que vir á miña casa par ver se estaba alí, xa que daquela non tiñamos teléfono na casa.

### FERNANDO FERNÁNDEZ, PAI DE NÍOBE 6º

O meu paso polo colexio Carlos Casares foi a mediados dos 80 ata os 90, aínda que nese momento non se chamaba así. Nos meus últimos anos, decidiuse facer unha votación para elixir o nome do colexio, as opcións eran: colexio público de Alxén ou colexio público Néboa (Néboa era o nome da revista que se facía no centro), a gañadora foi Néboa, pero aos mestres non lles convenceu o nome e mantiveron o outro.

Houbo un ano que nevou e todos estábamos pegados ás ventás das aulas e os profesores non tiveron máis remedio que deixarnos saír xogar coa neve. Tamén recordo os xogos cos compañeiros e compañeiras no patio, os bocatas de tortilla do quiosco de Julia, as carreiras ao redor do recinto do colexio para as probas de cros e os campionatos contra outros colexios.

### PAULA MÁRQUEZ, TÍA DE ÁXEL 6º

Ola, son María, a verdade é que fai xa tanto tempo que apenas me lembro. Estudei os cursos de 1º, 2º e 3º, dende o ano 1983 ata o 1985. Xa non me lembro dos nomes dos mestres, mestras, nenos e nenas pero lembro que eramos moitos e ao ser case todos de Cabreira pasabamos todo o día xogando xuntos. Recordo moi ben como era o cole.

Recordo que nunha excursión fomos a CocaCola, unha tenda de cocacolas que había en Vigo que foi para nos unha excursión chulísima, un mega evento, e paseino moi ben.

Non había comedor nin moitas cousas que hai agora, así que pasabamos unha mañá moi divertida no cole e logo íamos comer á casa, practicamente todos íamos en bus, estaba cheo.

Lémbroo como unha época estupenda porque eu era moi pequeniña e éramos moitísimos nenos xogando e pasándoo ben toda a mañá.

### MARÍA FERNÁNDEZ, TÍA DE NÍOBE 6º

# O MAGOSTO

O venres 10 de novembro celebramos a festa do Magosto. Antes de comer as castañas, organizámos varios xogos populares coma os birlos, as chapas, os zancos, as bolas, a rá, os aros, a buxaina, o holandés.

Creáronse tarxetas ás que lle tiñan que poñer un selo en cada unha das estacións dos xogos populares polas que pasaban ata completalas todas.





# NÉBOA

CEP CARLOS CASARES



Que boas e quentiñas estaban as castañas!!



# O COCO ALXÉN

O xurado formado por Atenea, Silvia, Jéssica e María José elixiron as cabzas gañadoras. Menudo nivel!



Os gañadores foron Ian, Irianna, Lara, Xiana, Martín, Irene, Pablo, Sergio e Pedro e Áxel. Parabéns a tod@s!



Por último saltamos a fogueira.

## 25N- Día contra a violencia de xénero



O día 25 de novembro conmemoramos o día contra a violencia de xénero baixo o lema “Non te deixes pisar”. Todo o centro viñemos cun zapato de cada cor para resaltar o lema e na hora de ler, baixamos o patio inclusivo facendo un gran círculo unidos polas mans mentres soaba a canción de “Rozalén- Unha porta violeta” cunha gran pancarta no medio do círculo. O centro tamén regalou pulseiras violetas en contra da violencia de xénero. Cando soaba a música reinou un gran silencio en honor as vítimas.

Ademáis, a actividade está recollida de forma audiovisual porque veu a grabarnos un dron!

[#nontedeixespisar!](#)



<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepcarloscares/node/1795#attachments>



# NADAL NO CEP CARLOS CASARES



Este ano o Nadal do CEP Carlos Casares foi especial, divertido e con algunha novidade.

Fixemos o "Nadal Familiar". Consiste en decorar coas nosas familias un debuxo moi bonito. Desta volta eliximos un de cada aula para decorar o concello de Salvaterra de Miño.

Como novidade fixemos un "bingo", foi moi entretido e emocionante! Os nenos e as nenas de 2º de curso foron as gañadoras/es. Unha sesión de cine con flocos de millo!

Coma sempre, non puido faltar o sorteo do amigo invisible. As mestras/es déronnos un papel co nome dun compañeiro/a, a quen lle mercamos un agasallo que abrimos o último día de clase antes das vacacións de Nadal.

Ademais, coma todos os anos, recibimos a visita do Apalpador, que este ano chegou en patinete. Deixounos xogos e xoguetes de madeira para cada aula. Que ilusión!





Tamén lle escribimos a carta aos Reis Magos, que viñeron visitarnos e trouxéronnos moitos caramelos. Tivemos a oportunidade de falar con eles.

E por fin, o noso festival de Nadal, con diferentes actuacións e todas maravillosas, que fixeron que a mañá pasara nun abrir e pechar de ollos.

Desfrutamos de: obras de teatro, bailes, actuacións con instrumentos musicais, unha canción cunha luz máxica que nos fixo emocionar, e todo isto co alumnado de 6º como presentadores e presentadoras.

E ata aquí, o noso Nadal no cole!

Ata o próximo con máis espectáculo e diversión.



ALUMNADO DE 6º NIVEL



## DÍA DA NON VIOLENCIA E DA PAZ

O 30 de xaneiro, como levamos facendo dende hai anos, conmemoramos no noso centro o Día da Non Violencia e da Paz.

Este ano decidimos facer entre todos unha pomba. Pois este é un dos símbolos da Paz que se emprega a nivel mundial.

A pomba na antigüidade foi un símbolo cristiano da Paz, pero foi ao remate da II Guerra Mundial, cando o famoso pintor Pablo Picasso debuxouna para o cartel do Congreso Mundial pola Paz de 1949, e cobrou relevancia e simbolismo a nivel mundial.



A nosa pomba era algo especial, pois cada un de nos encargouse de facer unha pluma. Nesta tiñamos que escribir unha palabra ou oración relacionados coa Paz. Unha vez feitas vestimos a nosa pomba da paz e colocámola no sitio que

merece, na entrada ao centro!

E aquí un exemplo das plumas que fixemos.



*Como non podía ser doutro xeito, todas as aulas quixemos sacar unha foto coa pomba, así que aquí vai unha mostra.*



*A pomba é un dos símbolos da paz, pero tamén está o círculo con unha liña vertical e tres liñas abertas (semellando a pata dun paxaro) e a grúa de origami (moi extendida en Xapón) e que coincide que tamén é un paxaro de cor branco.*

*A ver para o ano que se nos ocorre argallar!!*

**Todos os días tiñan que ser días da Paz!**



# DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



Un **23 de febreiro de 1837** naceu en Santiago de Compostela unha meniña que habería trocar a historia da literatura galega como ningunha outra figura senlleira.

**Rosalía de Castro** soubo expresar como ninguén a identidade de Galicia, as súas tradicións, o amor e saudade pola terra ao estar lonxe dela e dignificou o valor da lingua galega para escribir literatura.

Por estes motivos, o alumnado do **CEP Carlos Casares** celebrou neste día un acto conmemorativo no que se lembrou a vida e obra desta gran muller, baixo o lema **#oamordapatriagalega**.

Para festexala na súa data, o alumnado do **1º ciclo de Primaria** fixo o mural “Vive as poesías de Rosalía” no que ilustraron os versos dos seus poemas.



Mural de 1º de Primaria



Mural de 2º de Primaria



**Que día tan emocionante o que hoxe vivimos no cole! Rosalía, máis viva ca nunca nos beizos do noso alumnado de 2º, 3º, 5º e 6º de Primaria.**



O alumnado de **2º de Primaria**, ademais do mural, decidiu gravar un vídeo recitando o poema “Has de cantar meniña gaiteira...”

Os alumnos e alumnas de **3º de Primaria** gravaron un audio recitando o poema “Adeus ríos, adeus fontes...”



O alumnado de **5º e 6º de Primaria** graváronse baixo a choiva para recitar o poema "Adeus ríos, adeus fontes..."

E por último, **sabiades que Rosalía de Castro ten unha estrela que leva o seu nome?** O alumnado de **4º de Primaria** estivo a investigar e a estrela Rosalía de Castro forma parte da constelación de Ofiuco e vai asociada a un planeta, igual que a lúa é unha estrela do planeta Terra, Rosalía de Castro é unha estrela do planeta Río Sar.





# ENTROIDO 24

## As ordes do Meco

Como cada ano, o meco é quen manda no Entroido. Cada día temos que vir vestid@s ou traer o que nos indique coas súas ordes.

O luns tivemos que vir con bata. A mestra Paqui viu da súa avoa.

O martes tiñamos que vir en biquini ou traxe de baño. A entrada do cole transformouse nunha praia. Que ben estaban “ao sol”, @s mestras/es!



O mércores había que vir vestido de voda. Houbo tres vodas, nunha! Houbo unha voda dunha muller e un home. Outra de dúas mulleres e a terceira, eran dous homes. En Entroido todo vale e, como non podía ser doutro xeito, as mulleres eran homes disfrazados e os homes, mulleres disfrazadas.



## Vodas e enredos doutro tempo

No noso grupo, **Gabriel** foi o cura. O seu traxe era un que tiña na casa de morte e transformárono. Pegáronlle unha cartulina con cola quente e mercaron unha cruz. **Filipa** e **Jade** viñeron disfrazadas de noivas. O traxe de Jade era o traxe da Primeira Comunión da súa avoa e quedáballe perfecto. **Ariadne** foi de dama de honra, viña espectacular!





Non faltou ningún detalle, levaron unhas “arras” adaptadas, eran canicas, chapas e tabas. Tamén “cortaron” unha supertarta de noiv@s feitas con nubes, estaba riquísima! Parabéns ás reposteiras, Sara e Níobe.

@s noiv@s non puideron elixir mellores madriñas, padriños e cura!!



VIVAN  
@SNOIV@S

A última orde, como cada ano, era vir preparad@s para a **fariñada**, con chubasqueiro, gorro e gafas de piscina.



# CHOCOLTADA, FARIÑADA E QUEIMA DO MECO

Estaba previsto que a **chocolatada** fora na entrada do cole, como é de costume, pero o tempo amagaba choiva e cambiámonos para o pavillón.

A ANPA repartiunos o chocolate, as roscas e os biscoitos. Había de todo: de iogur, brownie, de varios sabores e ata sen glute.



Estaba todo riquísimo.



Dende aquí queremos darlle as **grazas** a todas as persoas que fixeron posible que degustáramos esta exquisitez.



Este ano non puidemos facer a **fariñada** o mesmo día da chocolatada, porque chovía.

O primeiro día que fixo bo collimos as nosas bolsas da fariña e saímos cara o campo de terra. A min, Mateo, rompeume o chubasqueiro. Paqui pegoumo e problema resolto!

Nós fixémoslle trampas ás mestras. Diciámoslle que nos entrara fariña nos ollos e... **TOMA FARIÑA!**

Outro momento que agardamos, con pena e alegría, é a **lectura do testamento** e a **queima do meco**.

@s encargad@s de facer o testamento foron @s compañeir@s de 6°.

Este ano, o meco, resistíase a arder.



SHAILA  
PEDRO  
MATEO  
2°



## ACTUACIÓN DO RANCHIÑO

Por primeira vez, o Ranchiño da Feira, beillou no noso cole. A maioría das persoas que forman o Ranchiño temos relación co cole. Beillamos Gabriel, Candela, Mauro, Rubén, Aldara, Noelia e eu, Mara. Estabamos acompañad@s pol@s músic@s.

Actuamos no pavillón.

Na Asociación Cultural da Feira temos o Rancho de Reis e o Rancho de Entroido.

No rancho hai unha dama moi guapa e varios danzates que tratan de seducir á dama.



Ao rematar de beillar Noelia, a mamá de Aldara, explicounos moitos detalles tanto do Rancho de Reis como do Entroido.

Pensamos que foi moi interesante. Explicounos todas as pezas que forman o traxe e como se recuperou o Rancho. Tamén nos contou que a súa nai, cando era pequena, tiñalle moito medo aos cabaleiros.

Parece mentira, pero moit@s de nós non coñeciamos nada do Rancho.

Estámosche moi agradecid@s, Noelia!

**GRACIAS**

  
Mara  
Éric





## DESFILE NO PAVILLÓN DE LEIRADO

Este ano como o tempo estivo malo, os coles non puidemos desfilarmos polas rúas de Salvaterra.

Como vén sendo habitual, cando chove, xuntámonos o Colexio de Leirado, o CRA e o CEP Carlos Casares no pavillón de Leirado.

Antes de coller o bus, disfrazámonos no cole. Estabamos chulísim@s. Todos os traxes estaban relacionados co proxecto deste ano, Lerias e Enredos doutro tempo. Levamos unha pancarta na que se podía ver o nome da nosa carroza.

Desta volta, non chovía, **DILUVIABA!** Tivemos que correr para non mollarnos.



@s compañeir@s do 3º ciclo foron disfrazad@s das pezas do parchís. @s do 2º ciclo, de bolos. Nós @s do 1º ciclo, fomos de peóns. Fixemos o noso traxe con fieltro marrón. Os cordóns fixémoslos con la branca e vermella, que torcimos cun taladro. Levamos un sombreiro con purpurina vermella.



Preparamos unha coreografía chulísima, para representala ao rematar o desfile. @s do 1º ciclo cantamos a canción de chocolate; @s do 2º ciclo, o pasimisi e @s do 3º ciclo, ao pasar a barca.

Non é por nada, pero **a nosa coreografía foi a MELLOR!** Grazas mestre Fran, mestra Lorena e ao resto de mestras que colaboraron.





## DESFILE DE CARROZAS EN SALVATERRA

Como quedamos con gañas de festa, decidimos participar no desfile de carrozas que organizou o Concello de Salvaterra, o sábado. Desfilamos detrás da lamprea. A nosa carozza era o coche do mestre Fran.



Cando chegamos a Salvaterra, botáronnos crema na cara, maquiáronnos e puxéronos uns corazóns nos mofletes e pintáronnos os beizos de cor vermella. Desfilamos polas rúas ata chegar á praza do Concello.

Que ben o pasamos!! Bueno, menos Filipa que se puxo maliña e tivo que marchar, foi unha mágoa.

No medio do desfile o coche apagouse e non quixo volver a acender. As persoas pensaban que formaba parte do espectáculo, que risas pasamos!!!

Aproveitamos este artigo para darlle as grazas aos papás fortudos que empurraron moito e conseguiron chegar ao destino.

Cando chegamos tomamos un chocolatiño quente con churros, estaban riquísimos.

Xogamos moito ata que queimaron a lamprea.

Mara e Gabriel tiveron que marchar antes porque foron á queima do castrón, na Feira. O ano que vén, **VOLVEMOS!**




Lara  
Candela  
Xulia  
Antía

## 8 de Marzo "Día Internacional da Muller"

Este ano, para a conmemoración do 8M fixemos un proxecto de centro "MULLERES GALEGAS NO DEPORTE". Traballamos mulleres como Desirée Vila, Teri Portela,



Susana Rodríguez... todas elas exemplo de superación e constancia ao longo da súa vida.



O traballo de investigación que fixemos foi moi amplo, xa que como tamén se celebraba a semana da prensa, decidimos investigar a muller que nos tocaba por aula e elaborar unha noticia vinculada con mundo do deporte.

A continuación, faríamos unha GALA DE PREMIOS DO 8M co lema "A igualdade xa está aquí" na que cada grupo falaría da biografía da muller que lle tocara e o alumnado de 6º (que foron os que presentaron a gala) entregarían unha medalla á

**muller elegida por cada grupo polo sacrificio ao longo da súa vida deportiva. Para rematar, cada grupo colocaría na porta da súa aula a noticia realizada que quedaría exposta ata finais de curso.**



**GALA DE PREMIOS: “A IGUALDADE XA ESTÁ AQUÍ”**



**EXEMPLO DE PÓSTER, ALUMNADO DE 2º DE PRIMARIA**

**NUNCA DEIXEDES QUE O MEDO VOS IMPIDA SER FELICES**





# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



O día 17 de maio conmemórase o Día das Letras Galegas e como todos xa sabedes é unha celebración establecida pola Real Academia da Lingua para homenaxear a aqueles escritores ou escritoras que escriben en lingua galega ou que son firmes defensores da mesma, tendo en conta que deberon pasar alomenos 10 anos dende o seu pasamento.

O primeiro ano adicouselle a Rosalía de Castro e foi no ano 1963, a partir desda data adícaselle este día a un autor ou autora coa excepción do ano 1998, no que se lle adicou a tres escritores, Martín Códax, Johan de Cangas e Mendinho.

Este ano o autor escollido pola RAG é unha escritora coruñesa chamada **LUÍSA VILLALTA**



Esta escritora, naceu na cidade de A Coruña o 15 de xullo de 1957. É a filla maior de Rafael, mestre mercantil, e María del Carmen, formada en comercio. Estudou nas Xosefinas e máis tarde no IES Eusebio da Guarda



Adicou a súa vida a ensinar a nosa lingua aos demais xa que, unha vez acadada a licenciatura en Filoloxía Hispánica, Galego-Portuguesa, aprobou as oposicións a mestra no ano 1988, e traballou impartindo ensinanzas de Lingua e Literatura Galega nos institutos de ensinanza secundaria de Oleiros, Ferrol e Sada.

No IES desta última cidade implicaríase moito nas actividades do centro, biblioteca, revista, clubs de lectura, grupo de teatro, os recitais, etc. Os seus alumnos lembran dela a súa defensa do ensino público e da educación como instrumento de corrección das desigualdades.

A Luisa Villalta tamén lle gustaba moito a música, afección adquirida da súa nai. Gustáballe tanto, que con oito anos comezou os estudos de violín, para poder obter o título Superior deste instrumento no Conservatorio da Coruña, o que lle permitiu formar parte da Orquestra de Santiago de Compostela, da Xove Orquestra de Galicia e de varios grupos de música de cámara. Tamén creou un grupo de música folk instrumental chamado Escaino.



Grupo de música folk instrumental Escaino

Escritora inconformista que non dubida en manifestarse na literatura e na súa actividade pública.

Participa moi activamente nos debates culturais da fin do milenio. É unha das impulsoras do Foro da Cultura Galega, no que coordina a área de Revisión Histórica e Análise Crítica da Cultura que tiña por obxecto analizar as condicións da cultura galega.

Forma parte da Mesa pola Normalización lingüística e tamén do BNG. Asiste a reunións de escritores a prol dun acordo ortográfico.



III Congreso de Escritores Galegos da AELG

Falece sendo moi nova, de xeito inesperado por mor dunha meninxite, mentres durmía na madrugada do 6 de marzo de 2004. Esperábanna nunha xuntanza da AELG en Compostela e na inauguración dunha mostra en Oleiros con ocasión do Día Internacional da Muller, xa non puido asistir...

## OBRA

Ten numerosas publicacións dunha gran variedade de xéneros literarios, narrativa, teatro, ensaio, tradución e poesía, sendo este último o xénero polo que é recoñecida. Colaborou en varias publicacións como Man Común, Luzes de Galicia, A Nosa Terra, Grial, Tempos Novos...

Na súa curta vida como escritora obtivo varios recoñecementos, destacando, entre outros, un Accésit do Premio de Relatos do Pedrón de Ouro no ano 1990 por A taberna do holandés e o premio de poesía Espiral Maior no ano 2004 polo libro En Concreto.

POESÍA			NARRATIVA	
				
Música Reservada 1991	Ruído 1995	En Concreto 2004	Silencio, ensaiamos 1991	Teoría de xogos 1997
				
O Papagaio 2006	As palabras ingravidas 2020	Pensar é escuro 1991-2004	As chaves do tempo 2001	Narrativa reunida 2024



**TEATRO**

**cadernos da escola dramática galega**  
N.º 78. Maio, 1989. Do Tomo 18.  
Administración: XESGA. Dirección: MARCEL LOURENÇO.  
Editor: FRANCISCO PALLARÉS MARTÍN

CONCERTO PARA UN HOME SÓ  
Luisa Villalta



Concerto para un home só  
1989

**cadernos da escola dramática galega**  
N.º 87. Maio, 1997. Do Tomo 18.  
Administración: XESGA. Dirección: MARCEL LOURENÇO.  
Editor: FRANCISCO PALLARÉS MARTÍN

MONÓLOGOS I

Jesús Marín del Valle  
Rosal Lilo Martínez Peleiro  
Irene A. Saco  
Jairo Vilhete




O representante  
1990


**cadernos da escola dramática galega**  
N.º 88. Febrero, 1997. Do Tomo 18.  
Administración: XESGA. Dirección: MARCEL LOURENÇO.  
Editor: FRANCISCO PALLARÉS MARTÍN

LUISA VILLALTA

O PASEO DAS ESFINXES



O paseo das esfinxes  
1991



Os doces anos da guerra  
2001



Obra dramática completa

**ENSAIO**



O Don Hamlet de Cunqueiro  
1992



O outro lado da música, a poesía  
1999



Libro das colunas  
2005

**TRADUCIÓN**



Manifesto por un novo teatro  
1994



A Mandrágora  
1998

REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024  
PALABRAS DE LUISA VILLALTA

Ah, o meu violino\*. Sen o meu instrumento sinto-me, non sei como dicir, orfo, inútil... iso é, inútil. E iso non pode ser. Un artista ten sempre un deber que cumprir, e é poñer ao servizo do público todo o que leva dentro.

*Concerto para un home só, 1989*

\* Instrumento musical de madeira doudado de como cordón, que se toca facendo saltar con arco e que se coloca entre o ombreiro esquerdo e a esquerda.

REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024  
PALABRAS DE LUISA VILLALTA

A palabra\* non é escrita, é soñada entre o soño do sonido, incolora entre as cores do sentido, acesoría como a ausencia imprescindible e o nada.

*Música reservada, 1991*

\* Son ou cantado de voz que exprésase unha idea e constitúen unha unidade autónoma. Representación gráfica dese concepto de voz.

REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024  
PALABRAS DE LUISA VILLALTA

Os homes non teñen nada que consentir nin conceder ás mulleres: só ver, e escoitar\*, respectar e, por que non, aprender do que dicemos e escrebemos.

Oxalá todas estas palabras cheguen a converterse no silencio da evidencia, vivida sen máis nun mundo verdadeiramente compartido.

*Escrita e mulleres, 2003*

\*Dir con atención.

REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024  
PALABRAS DE LUISA VILLALTA

"Claro que sempre están os recordos. Din que é condición da vellez unha boa memoria". Sen embargo iso é tan falso como as historias que nos ímos poñendo no corazón para poder esquecer

"Unha noite do fin do verán"  
*Silencio, ensalamos, 1991*

\* Facultade que permite estar no mundo e facer gramática, memoriale, cousas pasadas. Recordo colectivo que queda de algo ou de alguén.

REAL ACADEMIA GALEGA

LETRAS GALEGAS 2024  
PALABRAS DE LUISA VILLALTA

Mírate, mírame, mírate en min e escolleite escolleite como te amín\*.

*En concreto, 2004*

\* Serer amor ou grande afición por (seguido).





# SAÍDA FIN DE CURSO

## 11 de xuño de 2024

O martes 11 de xuño fixemos a saída de fin de curso e, por fin, podemos contárvola na revista! É o primeiro ano que podemos facelo e non sabemos si seremos capaces de todo o que hai que contar.

Mellor imos comezando: entramos á escola na hora habitual, nada máis chegar, repartíronnos as gorras da escola e subimos aos autobuses que nos levarían á praia da Lanzada. Unha vez alí, xa era hora de merendar así que, buscamos un sitiño xeitoso para a merenda que nos soubo de marabilla pois tiñamos moita fame e estábase xenial, xa que facía unha temperatura moi agradable, cunha brisiña que, ás veces, ata había que poñer unha chaquetiña.

Cando subimos ao autobús, vimos que a mestra Eva ía cargadísima cunha bolsa enorme, resulta que pretendía que nos puxeramos a xogar con ela ao chegar á praia, e o que é peor, as mestras e mestres querían que foramos dar un paseo!!! Vaiche boa!! Era o que nos faltaba!! Como moito xogamos un ratiño a muralla para que non se sentiran mal e listo! Nós o que queríamos era correr e facer buratos na area...



Mirade que escultura fixeron unhas nenas de 5º nivel, o nome da escola en area, CHULÍSIMA!



Chegou a hora de comer, como as mochilas coas nosas comidas estaban no autobús, houbo que ir a por elas e, cando xa tivemos cada un a súa, puidemos comer. Había algúns que levaban comida para un mes!!, Salvo algún pequeno problemíña (como que a alguén se lle caera a comida na area) que resolvimos exitosamente puidemos gozar dos nosos pratos.



Cando rematamos de comer, volvimos subir ao autobús. As mestras dicían que a excursión xa rematara e volvíamos á escola e aínda houbo quen o creu!! Faltaban moitas cousas por facer.

Chegamos a un sitio de multiaventura que se chamaba Aventura Dakart e, alí había moitas actividades para facer, unha tirolina de 300m que pasaba por enriba dun lago, circuitos enriba das árbores, minigolf, un tobogán enorme... Que mágoa que rematara, non nos queríamos ir de alí e así pasou, que chegamos tardísimo á escola, eran case as nove da noite!! Ao día seguinte, había que volver ao cole a traballar. Traballo o que lle deu ás nosas familias conseguir que nos erguéramos da cama!!! Pasámolo xenial, cando volvemos?





# PAULA CARBALLEIRA ACEPTA SER A MADRIÑA DA CLASE DE 5º

O 8 de maio foi un día moi especial no CEP Carlos Casares xa que contamos coa visita de **PAULA CARBALLEIRA** a escritora de “**13 avisos**”, o libro que lemos en 3º, 4º, 5º e 6º.

Arredor das 10:30 horas todo o alumnado e profesorado do cole démoslle unha calorosa benvida. Zoe e Xiana foron as encargadas de facer a presentación e cando remataron chegou a primeira sorpresa da mañá: pedíronnos a tod@s que nos desprazásemos á primeira planta do colexio. Diante da porta da aula de 5º Xiana preguntoulle a Paula se aceptaba a proposta de ser a madriña da nosa clase. Paula aceptou e sentimos tanta alegría que comezamos a aplaudir. A continuación, retirou unha bandeira de Galicia que agochaba **unha caricatura súa!!!**



Paula mostrouse encantada con todo o que estaba sucedendo, non se imaxinaba que lle tiveramos preparade esta sorpresa.

Tras este acto, o alumnado de 1º e de 2º regresou para a súa aula. O resto de cursos volvemos ao salón de actos para falar do seu libro. Paula comezou a contarnos unha historia sobre como

asustaba aos seus irmáns cando era pequenos. Facíao tan ben e era tan expresiva que non podíamos para de rir. Que ben o estabamos pasando!

Logo contounos outra historia, e con esa si que pasamos medo. Contounos moitas cousas sobre o libro, dixo que ata o de agora, **“13 avisos”** é o libro máis especial para ela e que está escribindo outro que se titula **“13 medos”**. Como todos queriamos contarlle anécdotas e historias pediunos que llas mandamos e que igual podía incluír algunha nun libro seu.



Para agradecerlle a súa visita obsequiámola cunha réplica da caricatura que está na porta da nosa aula, o calendario do colexio e un lote de produtos gastronómicos.

Logo, por cursos, foi asinando os nosos libros e sacamos unha foto de grupo.

Clase de 3º



Clase de 4º



Clase de 5º



Clase de 6º



Despois de compartir a mañá con Paula Carballeira podemos definila como unha persoa moi simpática, amable e cercana. A súa maneira de contar historias é única. Estamos orgullósím@s de que sexa a nosa madriña.

**Alumnado de 5º**




# Lerías e enredos


## DOU'TRO TEMPO

Baixo este lema tivemos que pedir a colaboración de toda a comunidade educativa para atopar cousas coas que enredaban os nosos ancestros. Como pensamos que non ía haber moitos obxectos, ampliamos a época a xogos ou xoguetes anteriores á década dos 90. Apareceron unha morea deles. Moitos, moitísimos, bonecos, cartas, xogos de mesa, instrumentos de música, coches, videoconsolas e ata houbo un recanto adicado ás bonecas Barbie, unha moto, un futbolín de verdade e unha máquina de pinball.

Botamos unhas cantas tardes intentando poñer orde en todos eses obxectos, para conseguir que todo tivera un sentido. ao final pensamos que o conseguimos, que credes vós? Benvidos á nosa exposición!







Despois de tanto traballo, non podía quedar só para nós, así que, coma todos os anos, foi aberta a todos aqueles que quixeron vir enredar o domingo que a ANPA organizou a xornada do magosto. Foi todo un éxito, tanto a exposición coma o magosto.



Ese día, sacamos os xogos tradicionais ao patio para que xogaran as familias, como podedes ver nalgunha imaxe, houbo quen se atreveu cos zancos... O alumnado de 2ª realizou un programa de radio especial e, como non, asáronse castañas que estaban boísimas!!

Pasámolo xenial, esperámosvos o vindeiro ano con máis troula!!



# CALENDARIO 2024

Todos os anos, na nosa escola, a comezos de curso, o Equipo de Dinamización da Lingua galega propón un tema sobre o que traballaremos ata o mes de xuño que rematan as clases.

Cada ano, ten un tema diferente, o curso pasado foi MeteoAlxén, o anterior A auga no patrimonio e así ata chegar ao ano 2003, ano no que se elaborou o primeiro calendario, que non ten nada que ver co actual pois estaba impreso en folios grandes, era en branco e negro e nas páxinas só estaba o mes nun recadro, un refrán e un debuxo do que nin tan sequera se sabe o autor.



Este curso, o tema proposto foi "Lerías e enredos doutro tempo", polo que, alá polo mes de novembro, tivemos que rebuscar nos álbumes familiares das nosas casas, para atopar fotos relacionadas con xoguetes e pasatempos cos que enredaban os nosos pais, nais, avoíños e avoíñas. Unha vez que as temos, debemos levalas á escola para que os nosos mestres e mestras escollan as máis axeitadas e as dividan en 13 seccións, que son os meses do ano máis a portada.

O certo é, que na portada sempre aparecen fotos chulísimas. No 2024 están, Gabriel de 2º, co seu irmán; Mateo, de 2º; Lorena, a nai de Sergio, de 6º e de Pedro, de 2º, que non quería saír no calendario e ao final saíu na portada!!!

Tamén aparece unha foto en branco e negro onde están uns familiares de Lois, de 5º, cunha bicicleta daquela época.

Todas esas imaxes, xunto cun texto do escritor Xosé Neira Vilas e outro de Manuel María, forman a portada do calendario 2024, non me digades que non é preciosísima!





Dende hai uns anos comezouse a adicar un mes enteiro ás cabazas do concurso COCO-ALXÉN, (adoita ser novembro) porque sempre traemos algunha cabaza decorada co tema que se vai traballar. Tamén hai un mes adicado á exposición que se fai na escola e que pode ser visitada na xornada de portas abertas que se realiza por mor do magosto que organiza a ANPA. Nese mes, saímos todos as clases da escola nunha sección da exposición. Parécenos unha idea fantástica porque así saímos todos!.


Unha vez que xa se sabe que fotos irán en cada mes, tócanos a nós, o alumnado, traballar sobre elas. Primeiro debemos investigar un pouquiño máis sobre as imaxes, quen as trouxo, cando foron tomadas, quen aparece nelas... e, unha vez recompilada toda a información, debemos redactar os pés de foto de todas e cada unha delas!! Mimadriña! Os de 5º xa somos todos uns expert@s, pero aos máis pequenos da escola dalles un traballíño...

Cando xa temos redactados e corrixidos todos os textos, só queda envalos a imprimir, diso encárgase ACEROPLUS, que sempre o fai fenomenal!!

Por último, levámoslos para casa o derradeiro día de escola antes das vacacións de Nadal.

A verdade é que son tan bonitos, que ás nosas familias encántanlles e, aínda que a escola nos da un exemplar de agasallo, hai algunhas que sempre queren mercar algún a maiores para darlle a outros familiares ou amigos.

Estamos desexando ver o do curso que vén, como será? Aínda temos que esperar moito tempo para averigualo...



**Alumnado de 5º nivel**



## Enredando coma antes, divertíndonos coma nunca.



Na primeira semana do mes de xuño e como colofón ó noso proxecto de centro deste ano, “*Lerías e enredos doutros tempos*”, levouse a cabo no cole a Semana de **“Enredando coma antes, divertíndonos coma nunca”**. O longo desta semana, ademais de practicar os Xogos Populares nas clases de EF, tamén puidemos desfrutar dunha Xornada moi especial grazas a Asociación do Grove “*A Madana*”, e en especial grazas á figura de Cándido Mascato, o seu presidente.

Esta Asociación do Grove está implicada na promoción da cultura inmaterial a través da recuperación dos xogos dos nosos ancestros. Deste xeito, dunha maneira totalmente altruista, cedéronnos 25 xogos populares cos que levamos a cabo unha xornada na que os xogos fixeron a ledicia dos máis pequenos.



Aquí podedes ver o mestre Fran a cargo do orixinal Xogo das Curvas

Organizáronse os xogos en 15 estacións e en cada unha delas, dous xogos, que corrían a cargo dun mestre. Entre os 30 xogos que puidemos desfrutar atopamos: a caixa de ovos, o labirinto con tres bólas, os mouróns, a raposa e os gansos, o xogo da choca...




A mestra Lorena, pola súa banda, encargouse do Xogo das Parellas e o de Transmisión do movemento.







A mestra Sonia fíxose cargo do Xogo das Venturiñas e do Candeabro e a profe María do Labirinto das tres bólas e do Boliche.



A mestra María Xosé axudou nos zancos e Paqui estivo no xogo dos Húsares e dos Canangas. Merce encargouse do xogo dos Pasmóns.



Belén, Ceci, Atenea, Jessi, Silvia, Lucía e Diego tamén contribuíron, cada un na súa estación, a que a xornada fose un éxito. Xogos de puntería, de habilidade, de paciencia... inundaron o noso patio de recreo e de seguro lle fixeron lembrar ós profes a súa infancia. Os nosos cativos, ademais de desenrolar a súa motricidade enredando coma antes, desfrutaron como nunca nun inesquecible día de sorrisos e de amizade, no que sen dúbida quedou fortalecida a nosa identidade cultural.

*Se escaneades o código levaravos a galería de fotos da xornada.*







# INFORMÁTICA



A min, o Edixgal, pareceume por unha parte ben e por outra mal. Estou sentindo que nos estamos viciando co ordenador. Tamén hai persoas que cando a profe está explicando están xogando, en youtube,... Usando o "control+s", podes acceder ao libro e facer os exercicios e copialos. Paréceme ben porque non levamos tanto peso, é máis accesible e cómodo.

*Sara A*

Para min o Edixgal está moi ben, por que así levamos menos cousas na mochila. Cando nos mandan facer traballos podemos mandalos por correo electrónico e escribir no ordenador, que é moito máis rápido.

A parte negativa é que @s pequen@s podémosos viviciar ás pantallas. Na clase hai persoas se distraen moito, xogando a videoxogos ou vendo outras pantallas. Cando a profe lle pregunta non saben o que teñen que dicir ou non saben que deberes teñen que facer.

*Silke*

Para min Edixgal está bastante ben, porque entras na materia que queres para estudar. Por outra banda tamén estou un pouco farta de ter que estudar co ordenador todos os días.

Hai nen@s que, aproveitando que ten un ordenador, decide empezar a xogar e tal, en vez de utilizalo para estudar.

O meu consello é que se use só o ordenador para facer as cousas que che mandan as mestras. Elas poden ver que buscas en google e o teu historial.

*Lúa*

Edixgal é unha plataforma na que temos as nosas asignaturas. Ten moitas vantaxes: pesa menos que os libros; cando facemos unha redacción temos erros, márcas de cor vermella; Cando usas o control+s, podes volver a facer os exercicios.

Para min o peor é que en vez de estudar, acostumámonos a xogar. Ás veces, perdemos algo de tempo mentres se acende o ordenador, se abre google e se accede ao EVA. Cando estamos moito tempo diante do ordenador pódenos doer a vista.

*Xiana*

Para min co Edixgal é máis fácil estudar, porque podes saber se tes ben o mal feitos, os exercicios. O ordenador xa che di se tes faltas de ortografía. Tamén podemos entrar nos xogos, nos dicionarios dixitais de galego e castelán e no canva para facer deseños. podemos entrar no Elbe2, para ler libros.

Non temos que ir cargados con cinco libros.

Ademais a profe xa nos ten subliñado o que temos que estudar para os exames.

*Julián*

Para min Edixgal ten cousas boas. Por exemplo, Podemos usar a pizarra dixital para debuxar. A min encántame debuxar e non me podo resistir a este xogo. Eu quedaríame con Edixgal para algunhas asignaturas, pero quitaríao para as matemáticas.

Prefiro os libros porque está todo mellor explicado. Porque atendemos moito máis (hai nen@s que non atenden porque están xogando). Eliminaríalle os xogos.

Por último, penso que nos quita axilidade para escribir

*Zoe*

Para min Edixgal ten cousas boas e malas. Sinceramente, prefiro o libro. Non é para nada, o que me esperaba!

O que me gusta é que levamos menos peso e temos o dicionario a man.

Non me gusta, porque estamos máis distraíd@s cando estamos na clase. Non entendo e non me gusta nada que teña un chat, cando debe ser un libro dixital. Tampouco me gusta porque nos podemos encontrar con Cyberbullying e non é nada agradable.

Penso que estaría ben ter libros e Edixgal, para quedarnos co positivo de cada un.

*Adriana*

Para min é moi difícil estudar no Edixgal, porque tes que ir pasando dun lado para outro. Se o documento é un pdf, hai que estar co rato para arriba e abaixo. Outra crítica que fago é que te permite entrar en youtube e iso vicia moito. Tampouco me gusta que te deixe entrar nunha páxina de xogos.

Pola contra, penso que a vantaxe do ordenador é que non tes que levar tanta carga.

*Lois*



## Club de ciencia 2024



Entre Lérias e Enredos este ano o **Club de Ciencia** tivo como protagonistas os xogos populares enfocados a Ciencia, e os xogos tradicionais adaptados a nosa contorna, por elo contamos cos obradorios de Ciencia en movemento onde a imaxinación, creatividade, memoria, aprendizaxe e ilusión estiveron moi presentes.

A adaptación da cinexética os xogos populares, cun exemplo de tradición en madeira fixo que a experiencia superara as nosas expectativas.

Tivemos moitas actividades e mirade o ben que o pasamos...



Explorar as relacións entre os coñecementos **científico-matemáticos**, nos xogos integrados na nosa cultura de xeito que favorezan competencias integradas de tipo Steam, para así comprender o mundo utilizando **métodos científicos**, o pensamento e representación matemática, a **tecnoloxía** e métodos de enxeñería dentro da escola, para transformar a contorna de forma comprometida, **responsable e sostible** dos ODS na Axenda 2030.

Neste Club de Ciencia resáltase a importancia das competencias: comunicativa, matemática, emprendedora, informacional e cidadá dentro do desenvolvemento do alumnado, integrando

as diferentes aprendizaxes tanto os formais, incluídos nas áreas de coñecemento, como os informais e os non formais.

Porén, a gammificación, o xogo para unha aprendizaxe, tamén forma parte das numerosas actividades realizadas, integrando distintos tipos de contidos e utilízalos cando lles

sexan necesarios en diferentes contextos, dunha maneira efectiva.

Tamén dentro de **Polos Creativos** tomou importancia a cociña e as súas bases de misturas e reaccións químicas, posto que a cociña é un espazo onde, é posible atopar múltiples utensilios que serven como material non estruturado de xogo e que poden ter significado propio a partir das motivacións individuais.

Os obxectos cotiáns adoitan ser os elementos de xogo que máis atraen aos nenos e as nenas, xa sexa para desenvolver a súa autoestima ou para recrear un xogo creativo buscando o seu propio significado nos elementos que atopan por alí.

Doutra banda, a comida é creatividade, química e experimentación con sustancias cotiás. Esta vai desde a posibilidade de cociñar cos ingredientes que temos en casa ata a innovación culinaria máis sofisticada que se xera ao permitírnos probar, combinar, imaxinar...



**COCIÑA  
DIVERTIDA  
NO CLUB DE CIENCIAS**



# A NOSA BIBLIOTECA

## INAUGURACIÓN...

*A biblioteca do noso centro abriu as súas portas para uso de toda a comunidade educativa o 10 de outubro. Fíxose mediante un emotivo acto no que se anunciou o proxecto anual do centro: "Lerías e enredos doutro tempo".*



## FORMACIÓN DE USUARIOS...

*Nas semanas seguintes á inauguración comezamos coa formación de usuarios. O alumnado baixou por cursos a biblioteca e o equipo de biblioteca relatoulles diferentes aspectos relacionados co bo uso da biblioteca: normas, clasificación dos libros segundo a CDU, recantos....*



*Este é o buzón de suxestións da biblioteca. Nel poderdes deixarnos propostas de libros a mercar, propostas de mellora ou calquer circunstancia que desexedes comunicar.*

## DÍA DAS BIBLIOTECAS...

*O 24 de outubro, Día das Bibliotecas, comezamos coa ruta das mochilas viaxeiras. Cada mochila contén libros de diferentes temáticas para gozar en familia: varios libros de lectura, un libro de experimentos, un libro de animais e un libro de cociña. Foron moitos os alumnos/as que se animaron a facer receitas do libro de cociña e experimentos deixándonos fotos e as súas impresións no libro viaxeiro.*





## COLABORADORES NA BIBLIOTECA...

*A nosa biblioteca conta con colaboradores que fan empréstitos e devolucions durante o recreo, ordenan libros, arranxan os libros do recanto "Hospital de libros", axudan na montaxe das exposicións temáticas, recomendan lecturas aos máis pequenos... Xa sabedes calquer dúbida recorrede a eles/as. Levan un identificativo para que as persoas usuarias poidan identificalos*



*Se atopades un libro deteriorado uo roto deixadeo no "Hospital de libros" para que os colaboradores poidadan arranxalo.*

## MOCHILAS VIOLETAS ...

*Durante o mes de marzo co motivo da celebración do Día da Muller, cada aula tivo a súa disposición unha mochila violeta con diferentes libros.*





## TEMOS UN RECANTO TEMÁTICO...

*O recanto temático muda de libros e de decoración segundo as diferentes conmemoracións do ano...*



*Recanto do proxecto anual de centro que permanece todo o curso*



*Samáin*



*30 de xaneiro, Día Escolar da non Violencia e da Paz*




*Temos libros NOVOS en Inglés*



*23 de febreiro, Día de Rosalía*



*11 de marzo, Día Mundial da Poesía*



*Letras Galegas*





*2 de maio, Día Internacional Contra o Acoso Escolar*



# DÍA DO LIBRO ...

"UN LECTOR VIVE MIL VIDAS ANTES DE MORRER,  
O QUE NON LE, SÓ VIVE UMHA"(ROJEN REED)



*Os libros son unha aventura, un amigo, un misterio, unha porta, unha oportunidade... Hai poucos obxectos que sexan tantas cousas coma son os libros. Os libros son a luz que guía as nosas vidas.*

*O alumnado de 6º quixo levar esa luz a nosa Biblioteca contando o conto "Leotolda" da escritora Olga de Dios con marionetas e luz ultravioleta.*





## CLUB DE LECTURA "OS LECTUBERS"...

*Este curso temos un club de lectura por ciclo.*

*O club de lectura do 1º ciclo lemos "Ra de Tres Ollos", "Violeta ás agachadas", "A viaxe de Antía ao cerebro humano"... e como non o libro de poesía da profe Merce.*



*O club de lectura do 3º ciclo lemos "Muriel" de María Canosa e "Unha veciña de película" de Iria Misa.*

*O club de lectura do 2º ciclo lemos algúns dos libros de banda deseñada de Ramón D. Veiga.*





## APADRIÑAMENTO LECTOR...

*O alumnado de 5º acompaña e mostra aos máis pequenos a paixón pola lectura. Cada alumno/a de 1º ten un padriño/madriña que lee con el/ela os venres durante un ratiño.*



## LECTURAS AO SOL...

*Coa chegada do bo tempo facemos lecturas ao sol. Os/as colaboradores/as da biblioteca quitan unha caixa con libros, as mantíñas e os coxíns para o patio na hora do recreo e, tumbados na herba e á sombra das árbores, o alumnado que o desexa le.*



## E-ELBE.2

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E EMPREGABILIDADE

E-LBE.2 LECTURA DIXITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES



## PLATAFORMA DE PRÉSTAMO DE CONTIDOS DIXITAIS

A plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 procura ampliar as experiencias lectoras da comunidade educativa a través da lectura dixital e as posibilidades que ofrece para a mellora da competencia lectora e dos hábitos de lectura entre os máis novos.

*Todos os usuarios da nosa biblioteca teñen o seu identificador e contrasinal para entrar nesta plataforma de préstamo.*



# Ramón D. Veiga

O xoves, 25 de abril Ramón de Veiga viu ao CEP Carlos Casares. **Candela** Ramón xunto a Paula Carballeira foron os convidados deste curso. Os nen@s do 1º ciclo limos dous libros del. En 1º leron Violeta ás agachadas.

@s nen@s de 2º fixemos unha votación para elixir que libro da colección da Miñoca iamos ler. Para elixir o libro que iamos ler. **Lara** Escollimos A miñoca e o coello. Foi interesantísimo. Recomendovolo.

**Antia**

Nesta colección hai outros tres libros: A miñoca e o coello, A miñoca e a pega, A miñoca e o urizo e Chove,chove!.

Todos os libros da colección da Miñoca, rematan cun chiste. **Mara**

O chiste da Miñoca e o coello, que di así: -Que é peor que atopar un verme nunha mazá? -Atopar só medio verme. **Candela**



O recanto verde elixiu a páxina 11; o azul, a páxina 50; o amarelo, a páxina 24; o encarnado, as páxinas 46 e 47 que son as máis divertidas. Por último, o recanto branco elixiu a páxina 19. **Ariadne**

Este libro encantoume. Se queres lelo, podes atopalo na nosa biblioteca.

**Ariadne**

Antia de 2º e Roi de 1º presentaron a Ramón e léronos varios datos sobre a súa vida. **Pedro**



Encantoume ese día. Foi o primeiro día que o vin. Tivemos que levar un lapis e unha goma para o salón de actos. *Gabriel*

Fixemos varias actividades, entre elas caracterizar as personaxes facéndolle diferentes cara. *Shaila*

Dixonos que estaba moi nervioso, porque non sabía que traer na mochila. Facía moito tempo que non ía á escola. *Xulia*



Foi un día maravilloso, máxico. Fixemos a primeira letra do noso nome con miñocas. El fixo o R, de Ramón. É moi riquiño. *Filipa*

De seguido tivemos que facer un cómic. Nas dúas primeiras viñetas tivemos que debuxar á miñoca e ao coello enfadados. Nas dúas do medio, pensando. Nas últimas, estaban contentos. *Éric*



Falounos de Violeta, a súa filla. Moitos dos seus libros están baseados nas súas vivencias. *Jade*



Un día Violeta viu unha araña moi pequena, pero ela pensaba que lle ía comer a cabeza. Pediulle, ao seu pai, que lle contara historias sobre as arañas. Ramón escribiu A araña que lle ten medo ás arañas. *Mia*  
 Tamén nos contou que levaban un mes lendo, todas as noites, o libro da Carapuchiña vermella. Ramón xa estaba tan aburrido que decidiu escondelo. Cando Violeta lle preguntou polo libro, el contestoulle que non sabía onde estaba. Dende esa noite comezaron a inventar historias. Unha noite Violeta viu unha miñoca nunha maceta e pediulle que lle contara unha historia de miñocas e foi así como decidiu escribir a colección da Miñoca. *Mara*

Outra noite, Violeta chamouno a berros. Cando chegou ao seu cuarto atopouna disfrazada de vampiro. Así foi como escribiu o libro Violeta quere ser vampiro. *Mateo*

Na charla tamén nos contou que Violeta ás agachadas, o libro que leron @s nen@s de 1º, foi o primeiro que escribiu. A Violeta encantáballe agocharse en calquera sitio, mesmo en lugares que non vos podedes imaxinar. Por iso escribiu este libro.



Agasallámoslle unha caixa chea de produtos galegos, como marmeladas, froitos secos, rosca... Ao principio estaba moi emocionada, logo xa me fun relaxando. *Frianna*

O mellor da visita, para min, foi que nos asinou os libros e púxonos, a tod@s @s compañeir@s, unha mensaxe moi bonita. Pedro  
 Logo de asisnarnos os libros pediunos que lle asinaramos nós, o calendario que lle regalamos. *Shaila*

A visita non foi nada aburrida. Foi divertidísima. Encantoume!! *Vera*  
 A parte que máis me gustou foi cando lle ensinamos os nosos traballos, pola rección da súas cara. Díxonos que eran mellores que os del. *Xulia*

Alumando de 2º



# PONTE... NAS ONDAS!

## Somos un centro “Ponte... nas ondas! Modelo de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sacou unha convocatoria pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que constituirán a Rede de Centros “Ponte... nas ondas! Modelo de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI)” durante o curso 2023/24.

A nosa escola leva colaborando dende hai case 30 anos con Ponte... nas Ondas e por ese motivo decidimos participar nesta convocatoria. O noso proxecto resultou seleccionado, polo que formamos a Rede de centros Ponte... nas ondas!

A Convención de 2003 para protexer o Patrimonio Cultural Inmaterial di que ensinar este patrimonio na escola e fóra dela é moi importante para conservalo. Anima aos países a recoñecer, respectar e valorar o Patrimonio Cultural Inmaterial a través de programas educativos tanto nas escolas como nas comunidades.

O Patrimonio Cultural Inmaterial, tamén chamado patrimonio vivo, é algo que herdamos dos nosos antepasados e que transmitimos aos nosos descendentes. Segundo a UNESCO, inclúe tradicións orais, artes do espectáculo, costumes sociais, rituais e festas, coñecementos sobre a natureza e o universo, e técnicas de artesanía tradicional. Este patrimonio dá un sentimento de identidade e continuidade, promove a cohesión social, o respecto pola diversidade cultural e a creatividade humana. Ademais, axuda ás comunidades a construír sociedades fortes, pacíficas e inclusivas.

“Ponte... nas ondas!” naceu en 1995 na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para unir á comunidade educativa de Galicia e Portugal e mellorar a comunicación entre galegos e portugueses.

Outro aspecto importante de “Ponte... nas ondas!” son os medios de comunicación. Queren abrir as aulas ao mundo e, ao mesmo tempo, familiarizar ao alumnado co uso dos medios, formando cidadáns conscientes e preparados para a sociedade da información. A radio escolar é unha das formas de traballar co Patrimonio Cultural Inmaterial.

Unha das actividades que levamos a cabo foi participar no Día Mundial da Radio, cun programa especial “Entroido”, a cargo d@ nen@s de 2º.

Se aínda non o escoitastes, convidámosvos a que o fagades premendo sobre esta imaxe.

<https://escolasnondas.com/cep-carlos-casares-salvaterra-de-mino-para-o-dia-mundial-da-radio-2024/>



Este curso tamén participaremos na 7ª convocatoria do certame de imaxes do patrimonio. Temos moitas esperanzas de que algunha imaxe das que imos presentar, resulte gañadora.



**CERTAME “AS IMAXES DO PATRIMONIO”**  
**CONCURSO “AS IMAGENS DO PATRIMÓNIO”**



## RADIO SALTAMONTES

Este curso 2023/24 foi moi importante para a nosa emisora escolar. Nada máis comenzar o curso estreamos o novo equipo técnico; mesa de son, outro ordenador, os micrófonos e os cascos. Nesta ocasión foi o alumnado de sexto o que se encargou de aprender a manexar todo este novo equipo.



A partir do 2º trimestre o alumnado de 6º comparte a súa sabiduría co alumnado de 5º, así xa forman a os/as novos/as técnicos/as para o vindeiro curso.

Ademais, este curso comezamos a pinchar música polas mañás, antes de entrar á clase e así xa estamos preparados e preparadas para poñer a música de entrada e emitir a predición meteorolóxica.

Para esta primeira hora os estilos de música que se propoñen son os seguintes: Blues, Jazz, música Clásica, Bossa Nova ...

Ademais, cada día no recreo temos que pinchar música de diferentes estilos. Grazas a que este ano podemos acceder a diferentes páxinas de música, temos facilidade para escoller e coñecer moitas cancións e grupos musicais non tan coñecidos.




Por outra parte, queremos informarnos de que os programas radiofónicos seguen emitíndose en directo case tódolos venres do curso. Despois, todos e todas podeades escoitar os programas dende as vosas casas xa que se suben á páxina web do centro.

**ALUMNADO DE 6º**

## FINA CASALDERREY

### O poder das palabras, a lectura das emocións

Os nenos e nenas do 1º curso fixemos un puzzle coa vida da nosa madriña de aula e aportamos cada un de nós un pedaciño da súa vida e inqedanzas, con todo o noso agarimo...





Temos o prazer de render unha  
pequena homenaxe de  
agradecemento e agradecemento  
a Ema Cosleiro e a para  
nuestra de solo que nos permite  
ver un mundo co sentimento polsela  
transformada en conto narración  
entre a obra...

Tentaremos facer unha pequena descrición  
divulgativa do que nos gustaría para un  
estudo máis fondo e reflexivo da  
obra humana e literaria dunha das  
escritoras máis premiadas con máis  
prestigio e recoñecemento da literatura  
infantil e xuvenil galega actual.  
Aínda que a presión de tempo  
e espazo, obrigámonos a pasar  
unha ollada polo personaxe  
e a súa obra.

Plano, como se iría mostrando  
 alearca coa súa polslera esota  
 tofa as facetas da literatura,  
 e así vemos que tamén se  
 achessa ao mundo da poesía.

"lectari non de probalan e' temas que  
 rouba da realidade dos nosos" polo  
 que a que máis "le gustaría sería  
 obrincar coñecidos, medos e leccións..."

A súa actividade como escritor  
 prolífico nunca lle restall  
 tempo para a súa profesión  
 de mestre. mais ben todo o  
 contrario.

Mais quen ten a culpa de  
 que fina sabe e gusta de  
 contar nos restos tal  
 maravallas?



Fina está entregada ao seu  
labor docente:.

" canto máis escribo, mais  
ganas teño de ler e canto  
mais leo, máis ganas teño  
de escribir".

Esta frase é o resultado desta  
cariada emotiva da coacción  
e da estrutura: «Gustame que  
unha Alotaría deduce que coma  
e goze un amor».

Aos poucos vai colando nos gustos dos matores,  
e dos non fan novos, e segue publicando

será 1991 ~~o~~ ~~o~~ ~~o~~ que aparece o seu  
 primeiro libro publicado, a novela  
 xuvenil *Mutacións Plásticas*. As súas  
 andanzas polos camiños da literatura se  
 inician na escola creando e dirixindo  
 obras teatrais, representadas polo seu  
 alumnado.

Por fin chega o ano 1996  
 cando o selo da popularidade deixará  
 unha gran pegada na súa vida  
 Puig, que nos dá (*Galaxia 1997*),  
 onde se manifesta inasumible  
 responsabilidade.



A súa infancia transcórrerá na parroquia de Lérez entre a escola e os xogos polos camiños das marxes do río, que case sempre remataban so ter que botar unha man nas tarefas da casa, é dicir unha vida normal.

Entre conto e conto comeza este día unha andaina pola investigación culinaria de novo país.

Esta mestexanza de literatura e forno de lareira resultan un agradable preparado onde os ingredientes que se aderezan son a calidade, a imaxinación, o traballo, a reflexión e moito de amor e lume lento.

Segue traballando e debéitándose con títulos como *A noite dos coroides* (Via Láctea), *Cando a Terra perdeu a memoria* (Xunta de Galicia) e acadando premios como o de narrativa herede da Casa de Galicia de León co conto *A rosquilla* (1993).

Títulos *Chamizo* (Xerais 1994),

*Asustache, merche!* (Xerais 1994), e *O*

*misterio dos fillos de Luá* (SM, 1995)

o seu libro *facer con*  
ou *estranque* *dous* *narrados*  
*novelas* (Edebé, 1996), na que  
*homenaxe* *á* *figura* *do* *arce*  
*obten* *o* *premio* *Edebé*.



## **NON PARAMOS EN TODO O DÍA...**

### **A NOSA SAIDA A PARROQUIA DE CABREIRA**

O pasamos de medo na visita a parroquia de Cabreira, esta vez fomos as clases de 1º e 2º e case enchemos un bus grande...e tivemos a sorpresa de que as profes Puri, Luz e Anxo acompañáronnos a esta visita.

Esta parroquia pertence a Salvaterra de Miño, no oeste do concello, atravesada polo río Caselas. Preto dos lindes da parroquia atopamos o río Tea e a súa desembocadura no Miño, sendo a ponte que salva este río, a ponte da Fillaboa, fundamental para as comunicacións de Cabreira.



Fai moitos anos, a agricultura era a máis importante actividade económica da parroquia e da zona. en Cabreira destacaba un amplo uso dos terreos de secaño respecto ao resto de parroquias do concello, igualando estes en superficie aos de regadío.

O patrón da parroquia é San Miguel, a festa maior celébrase o 16 de agosto en honra de San Roque. nos días previos faise unha tirada de lumes anunciando a festa que é acompañada por pasacalles e adoitan celebrarse verbenas con orquestras galegas .

Comenzamos a nosa visita facendo unha homenaxe no Monumento a recuperación da momeria historia que esta moi perto do cole, ali deixamos flores para lembrar aqueles que loitaron pola nosa liberdade.



**Fixemos parada na carpintería Acuña, que traballíño que fan alí... e que cousas pódense facer con maña e destreza, voltamos o cole con casiñas para os paxaros, e un tres en raia de agasallo.**



**A verdade é que ver como traballan con un pedaciño de madeira e fantástico, e o pai de Mateo**

**ensinounos que as máquinas que alí teñen, axudan a rematar os traballos moito máis rápido que fai anos que tiña que facer todo a man.**

**A nosa aventura pola parroquia de Cabreira seguen, e atendemos as explicación de**



**Puri , Luz e Anxo pasando polas pozas e a Igrexa de San Miguel que xa leva dende o ano 1710 en pé, e o seu reloxo de Sol que está posto nun lateral da igrexa o cal atópase nun moi bo estado de conservación, e o párroco Luis foi todo un**

**guía... Estamos todos e todas a mar de atentos.**



**Mirade como eran as chaves de antes..**

**Tocaba xa facer parada para merendar e descansar un pouquiño, e despois de recuperar forzas.E o ben que estamos a sombra e disfrutando das nosas merendas**



**Fixemos unha visita a escola de Cabreira onde moitos de nos saudamos as antigas profes e recordamos momentos fantásticos.**



**Continuamos o percorrido pola Quinta da Gaviñeira, con moitas viñas e unha bodega enorme, e seguimos camiñando ata chegar a Arras onde visitamos o cruceiro e**

**Seguimos o noso camiño de paso por San Roque, a súa capela, palco de música, cruceiro e peto de ánimas, continuando polos muiños, nos que fai anos as xentes levaban o millo ou trigo para moer e facer fariña.**



**Non sen antes parar e ver como Jose nos mostrou cousas alucinante feitas en madeiras, aproveitamos para botar unha partidiña os tres en raia.**



**Entre unha cousa e outra xa pasaba medio día e tiñamos ganas de parar e comer, pero despois dunha caminata curta chegamos a xantar que os pes xa non daban mais,**



**e na Asociación Xerme nun lugar fermoso e onde xogar e disfrutar do xantar foi de película, suliñar que esta asociación, presta apoio os veciños e veciñas da parroquia, e ten un moitísimas actividades para**

**entreter os cativos e familias.**

**Para rematar a nosa visita a Cabreira fixemos parada na gandeiria da familia de**



**Mateo, as vacas super limpiñas e foi unha experiencia moi chula, xa que moitos pensan que o leite xa a aprece de súpeto nos estantes dos supermercados, e non é así, hai moito traballo ata que chegan as nosas mans para**

**tomar no almorzo..**

**Disfrutamos das maravillas do entorno de Cabreira e voltamos o cole cheos de novas experiencias, non vedes as caras de felicidade que temos nas fotos?**





# OBRADOIROS DO PRIMEIRO CICLO

## (COCIÑA E POESÍA)

A poesía curta ou longa,  
alegre ou triste que máis dá  
non deixa de contar historias  
con ritmo e sonoridade.

E na cociña tamén puidemos crear  
receitas e máis receitas  
e o noso padal deleitar.



Desde unha torta de mazá ,  
ou mousse de plátano espectacular  
Qué boa pinta ten ese biscoito de piña !

Ven, proba este batido  
de froita tropical.

Na cociña a nosa imaxinación  
podemos deixar voar  
e contalo en poesía  
que é moi orixinal..





Os talleres deste ano foron moi divertidos, aprendemos a cociñar moitas receitas e ata probamos batidos de froitas e verduras, quen

nos ía a dicir que nos gustou tanto o de espínacas e pera...

Tamén preparamos poesías para o festival de Nadal e do 17 de Maio, “Entre leiras e enredos” e “Leiras e Enredos para un rato”.

Entre Leiras e enredos  
xa vai chegando o Nadal  
Estades preparados para festexas?  
Moitos xoguetes e Leiras  
Na exposición de este ano...



“Poesías pola noite,  
Poesías polo día,  
Poesías divertidas,  
Poesías escondidas”





**"Catro patas ten un can,  
Catro tamén un gato,  
Se as sumamos todas xuntas,  
Oito patas para rato"**



A POESÍA UNHA FERRAMENTA QUE ...

- ✓ **Axúdanos a ampliar as situacións e posibilidades comunicativas.**
- ✓ **Permitenos imaxinar realidades diferentes daquelas ás que estamos afeitos vivir.**
- ✓ **Fomentar o noso interese por descubrir a beleza e a mensaxe dos poemas.**
- ✓ **Desenvolve o gusto pola literatura a través dos autores e as obras máis representativas.**
- ✓ **Atende ás diferenzas individuais de cada un de nós e as nosas posibles aptitudes poéticas.**
- ✓ **Desenvolve a memoria e a imaxinación.**
- ✓ **Aleanza maior dominio na articulación, entoación e pronuncia das palabras, á vez que enriquecese a nosa linguaxe.**

## OBRADOIROS DE 1º CICLO



### Nadal

No Nadal interpretamos en linguaxe de signos a panxoliña "Feito cos teus sonos", do grupo Funambulistas, para elo empregamos a luz preta.



### Letras galegas

No festival das Letras Galegas interpretamos a obra "A Galiña Azul", de Carlos Casares. O código qr davos levaravos a máis fotos da función.



### Ramón D. Veiga

O autor convidado deste ano para primeiro ciclo foi Ramón de Veiga que nos visitou a finais do mes de Abril. Lemos o seu libro "Violeta" e despois decoramos a corticeira e fixemos e despois versionamos as nosas propias ilustracións o libro.



Se escaneades o código qr podedes ver todos os traballos do libro que elaborou o alumnado de 1º. Botádelle un ollo!!







NADAL



T Obradoiros



1º CICLO

DÍA DE ROSALÍA



8M

LETRAS GALEGAS



RAMÓN D. VEIGA



# LETRAS GALEGAS NA ESCOLA

Este ano, por primeira vez, podemos contarvos como foi o festival que facemos todos os anos para conmemorar o día das Letras Galegas. Os nenos e nenas de 4º nivel, estamos desexando darvos a nosa opinión. Aquí a tedes.

O xoves 16 de maio, viñeron os pais dos nenos e nenas e fixemos obras de teatro. Cada curso fixo unha actuación. A todos nos gustou moito, pasámolo moi ben. A min, o que máis me gustou foi o rap que fixemos os de 4º.

**Youssef**

O día 16 de maio foi así: moi divertido e impresionante. Houbo variedade total de actuacións: obras de teatro, un rap, poemas, bailes... e máis música! Algo que hai que destacar é que todos o fixemos xenial. Ei! vouvos contar un segredo, cando actuabamos, o mestre Pablo sacoulles unha foto ás nais e aos pais porque se lles caía a baba, e non é unha broma!!

**Xoel**

O xoves 16 de maio de 2024 "Día das letras Galegas" fomos ao salón de actos. De primeiro, os do 3º ciclo fixeron unha obra de teatro chamada "Boas noites", e un baile coa canción "Varre vasoira" . Logo, os do primeiro ciclo representaron "A Galiña azul". Cando rematou a primeira parte, saímos ao recreo e, cando rematou, voltamos ao salón para ver a segunda parte. Comezou cunha obra de teatro "O galo Quirico" representada polo 2º ciclo. Ao rematar, os do 1º ciclo ensináronnos unha cantiga "Pasodobre de Meaño", un baile "O lambonciño" e unha poesía "Lerías e enredos para un rato". Os de 4º fixéronnos aprender algo máis sobre Luísa Villalta cun rap. Ao rematar a nosa actuación, os nenos e nenas de 3º tocaron e bailaron a "muiñeira de Pontesampaio" e por último, todos xuntos cantamos a canción "Alegría". En fin, todo estivo xenial!

**Irene**

O xoves 16 de maio do 2024, foi o día das Letras Galegas. Sobre as 10:45 baixamos ao salón de actos para ver as diferentes actuacións. Encantoume, paseino xenial. O que máis me gustou foi o rap de Luísa Villalta que fixemos nós, porque nos colamos no noso colexio a facer un graffitti.

**Martín**

O xoves 16 de maio celebramos o Día das Letras Galegas. Estivemos vendo e facendo actuacións. Unhas gustáronme máis que outras, a de "Boas noites" encantoume!. Estivemos no salón de actos pero quedábasenos un pouco pequeno. Había moitos pais e familiares. Gustoume bastante.

**Aldara**

O que máis me gustou do festival, foi a obra de teatro "O galo Quirico" porque actuei eu facendo de noiva, xunto con Leia, que era o noivo. Tamén estaban Martín, o protagonista, Aldara, Mateo...

**Rihame**



O xoves 16 de maio de 2024 foi o Día das Letras Galegas. Adicouse a Luísa Villalta. A primeira actuación foi a miña favorita, "Boas noites" obra de teatro representada polo 3º ciclo e ía sobre unha nena que non quería durmir, foi moi divertida. Logo "Varre Vasoira", que foi un baile do terceiro ciclo. Despois de repetir o baile, foi o turno de "A Galiña Azul" do 1º ciclo, e non vou dicir do boa que foi! Despois, o recreo! E, para comezar a segunda parte foi a do meu obradoiro, "O galo Quirico", moi chula. Seguimos cunha canción e un baile do 1º ciclo. Dous minutos despois, unha poesía: "Lerias e enredos para un rato" e, a peor de todas as actuacións, ao meu parecer, a nosa, o "Rap de Luísa Villalta", aí que vergoña! por non falar do mal que nos saiu. Para ir rematando, a "Muiñeira de Pontesampaio" do 3º ciclo e por último, todos xuntos cantamos "Alegría", e así rematou o noso festival. ENCANTOUME!

**Nora**

O xoves 16 maio tivemos o Día das Letras Galegas! e o pasei xenial, gustoume moito porque comezamos coa canción Alegría. Estivemos actuando no escenario do salón de actos e había un mogollón de xente, pais, nais, profes e todos os nenos e nenas da escola xuntos. Houbo 10 actuacións! O mestre dixo que aos nosos pais lles caía a baba. Fin.

**Esteban**


O 16-5-2024 viñeron moitos pais e fixemos as actuacións. Baixamos ao salón de actos onde estiveron todo o cole e a maioría dos pais. Foron moitas as actuacións, alomenos 10. Paseino moi ben, gustoume moito e non sei que máis.

**Álvaro**

Deixamos por aquí algunha imaxe, para aqueles que non puideron asistir. Esperamos que o vindeiro ano veñades todos e todas a vernos!!



Boas Noites (3º ciclo)



O Galo Quirico (2º ciclo)



Muiñeira de Pontesampaio (2º ciclo)



O Lambonciño (1º ciclo)



Varre Vasoira (3º ciclo)



A Galiña azul (1º ciclo)

**ATA O PRÓXIMO ANO!**

## ACTIVIDADES DO ALUMNADO DO 3º CICLO

Ola! Somos os alumnos e alumnas de 5º e nestas páxinas imos contarvos algunhas das moitas actividades nas que participamos o alumnado do 3º ciclo.

### Programa E-DIXGAL

Este era un curso especial para nós, xa que por primeira vez non íbamos a utilizar libros de texto. O día que Sonia nos entregou un ordenador sentimos moita emoción. Os nosos compañeir@s de 6º viñeron a dárnos unha clase na que nos ensinaron trucos e cousas interesantes.



### Creamos un grupo de mediadores e mediadoras

No recreos dos luns reuniamonos durante 15 minutos coa profe Jéssica para aprender a ser uns bos mediadores e mediadoras. O noso traballo consistiu en axudar a todos os compañeiros e compañeiras que tiveron un conflito e que nos pediron axuda para poder resolvelo.





### Participamos na III Edición de “Ciberseguridade no Cole”

O 18 de outubro o noso colexio participou no concurso de “Ciberseguridade no Cole” no que participaban 114 colexios de toda Galicia. Álex e Breo eran os nosos representantes. O concurso consistía en contestar a unhas preguntas sobre a ciberseguridade a través da aplicación Kahoot, na que ademais de constestar ben hai que ser moi rápido. Os tres colexios con maior puntuación clasificaríanse para disputar a final en Santiago de Compostela. A misión non era doada, pero había que intentalo. A cousa estivo moi emocionante, fomos subindo e baixando posicións ata que chegou a última pregunta: Cal é a idade mínima para compartir os teus datos? Nós, marcamos 14 anos. O desánimo invadiunos, pois pensabamos que falláramos a resposta. De súpeto, na pantalla apareceu que a resposta correcta era esa e pasamos de estar en cuarta posición a **QUEDAR PRIMEIROS!!!**



Todos empezamos a saltar, cantar, abrazarnos, algúns ata choramos coa emoción... Todos os que entraban pola porta da nosa clase acabábanse contaxiando. Ata o Inspector, que estaba de visita no centro, presenciou este momento.

O 3 de novembro viaxamos a Santiago de Compostela, non gañamos pero regresamos á escola cargadiños de agasallos.



### Viaxamos a Ourense a recoller un premio

O 17 de novembro fomos a Ourense a recoller un premio que a Asociación Ponte Nas Ondas lle concedeu ao noso colexio. A mañá rematou cun mini-concerto de “Uxía Lambona e a Banda Molona”. Varios de nós, conseguimos sacarnos unha fotografía con Uxía. Tamén experimentamos o que é comer no comedor da universidade. Hai que ter moito equilibrio para que non se che caia a bandexa. Foi un día estupendo.



### Coñecemos un xacemento arqueolóxico ubicado no noso Concello

O 21 de novembro visitamos o xacemento arqueolóxico “Os Castros” situado entre as parroquias de Soutolobre e Lourido, en Salvaterra de Miño. Nada máis chegar chamáronnos moito a atención dous penedos de granito moi grandes que se atopaban dentro dun castro e que pesan unhas 11 toneladas cada unha, según nos contaron. O director da escavación contounos moitas curiosidades como que os puntos que estaban gravados nas rochas representaban a uns guerreiros. Despois da charla deixáronnos entrar no interior do castro e explicáronnos como se limpan as pedras para observarlas mellor.



Álex e Sara Cabaleiro atoparan uns anacos dunha ánfora, pero non poideron levarlos para casa. O que si nos deixaron traer de recordo foron anacos de tellas romanas.

### Visitamos a Cidade da Cultura

O xoves 25 de abril viaxamos outra vez a Santiago de Compostela. Esta vez o motivo era visitar a exposición FPInnova. Había moitísimas cousas interesantes feitas por alumn@s das escolas de FP de Galicia.





## OBRADOIROS

Varios dos obradoiros estiveron relacionados co proxecto de centro: “Lerías e enredos doutro tempo”.

**Elaboramos xoguetes con materiais reciclados.** Fixemos taboleiros de xadrez, da oca, do tres en raia... ata elaboramos un fútbolín.



### **Fixemos un gorro con follas**

Pepe e Manolo ensináronnos a facer uns gorros con follas de castiñeiro que iamos cosendo con follas de piñeiro. A experiencia encantounos. Pasámolo xenial!

### **Obradoiro de carpintaría**

Co profe Fran construímo xogos para o patio do colexio.



Nada máis comezar o 2º trimestre encargámonos de confeccionar os nosos disfraces coa temática do parchís: veña facer dados, cubiletos, pezas... o disfraz quedounos moi vistoso, mágoa que a chuvia que caeu o día do desfile estragounos.

Outro obradoiro foi a elaboración de traballos plásticos sobre o libro “13 avisos” de Paula Carballeira. O día da súa visita o salón de actos estaba precioso!

A profe Merce ensinounos a facer pizza caseira. A mellor parte dese obradoiro foi a degustación. Que boa estaba!

Como non, os obradoiros de teatro non podían faltar. Representamos dúas obras: “A ratiña feroz” e “Boas noites”.





# Saída a Ourense - Ribadavia

O 17 de novembro, @ nen@s de 2º, 5º e 6º, fomos de excursión a Ourense. Para recoller o Premio Especial que nos concederon no 6º Certame de imaxes do Patrimonio, que convoca, Ponte...nas ondas!

Participamos coas fotografías que nos mandaron todas as familias relacionadas co tema do Proxecto do curso pasado, **METEORIXÉN** e as que fixeramos na exposición.

Este acto celebrouse no Campus Universitario de Ourense. Que grandes son os edificios da Universidade! Na entrada había un péndulo que marcaba as horas. **Quedamos alucinad@s!**



A entrega dos premios foi no Salón de Actos. Sergio de 6º, Adriana e nós, Shaila e Lara fomos @s encargad@s de ler un discurso onde explicabamos as imaxes que presentamos. Había moitísimas persoas. Estabamos moi nerviosas, pero fixémoslo moi ben e aplaudíronos moito!

Houbo nen@s de Portugal e Galicia. Algunha imaxes ía acompañada dun texto moi emotivo. Unha vez que rematou esta parte, máis formal, chegou ...

## A FESTA RACHADA!

Había unha sorpresa: un concerto de ...





O día non deixaba de darnos sorpresas e como era o aniversario da nosa compañeira Irianna, cantáronlle os parabéns e subírona ao escenario. O resto de compañeir@s estábamos tamén moi cerca. Case podíamos tocar a Uxía.

**M&MÁ, QUE XALEO!!!**



De tanto cantar e bailar, xa tiñamos algo de fame. Un mozo que estaba facendo as prácticas para ser mestre, acompañounos ata o comedor da Universidade. Tivemos que cruzar unha ponte moi longa. Puxéronos comida para unha semana enteira: Ensalada de pasta, un zanco de polo enteiro con patacas e un iogur.



Coa barriga chea, montamos no bus e fomos a Ribadavia. Paseamos polas súas rías, ata chegar ao Museo Etnográfico.

Un monitor explicounos a historia do museo e fixemos unha visita por el. Pasamos ao lado dunha reixa que era onde "facían as súas necesidades".

Tamén vimos unha sala onde había obxectos de pesca e unha tenda vella.

Antes de coller o bus de regreso a casa, pasamos polo castelo de Ribadavia.

Está en ruínas, pero é moi bonito. Foi un día moi intenso, moitas emocións, moita festa, démollo todo e de volta a casa,... houbo quen...



**NENOS DE 2º**

**FELICES SOÑOS, Filipa e Lara!!**

# SAÍDA AO SALÓN DO LIBRO E AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O día 15 de marzo os nenos e as nenas de 1º e 2º, xunto coas mestras Paqui, Eva, María e Merce fomos visitar o Salón do Libro e o museo de Pontevedra.



Sáímos do cole sobre ás 10 da mañá e despois de 45 minutos chegamos ao noso destino.

Nada mais chegar e antes de entrar puxémonos a almorzar pero con moito coidado, pois unhas gaviotas querían levarnos os bocadillos.

Acto seguido, entramos a unha sala a ver unha obra de teatro de monicreques. Contaba a historia dun circo que pouco a pouco ía perdendo os seus traballadores. Actuaba o señor máis forte do mundo, Bigotini, o home máis flexible, e o que controlaba as serpes coa fruta e moitos máis.



Unha vez finalizada a obra dirixímonos a outra habitación, e durante toda a visita acompañounos unha rapaza moi riquiña chamada Raquel. Ela díxonos que o Salón do Libro facía 25 anos e toda a exposición estaba dedicada a maxia e a Cataluña.



Mentres iamós camiñando vimos un montón de libros, traballos feitos por nenos e nenas e a casa do mago Merlín. Ensináronnos unha estatua dun lobo, chamado Orbil, libro se o lemos ao revés, era moi grande e simpático.

Despois disto fomos comer a un parque, e ao rematar...para o museo! Alí había unha planta moi grande, dixéronnos que eran fentos de Australia e que aquí crecían moi ben.

A continuación subimos moitas escaleiras e o primeiro cadro que nos mostraron era moi chulo. A rapaza que nos acompañaba deunos unha tea e uns materiais para que puidéramos facer formas. Outro consistía en moverse de un lado a outro, e a señora negra parecía que seguíanos ca mirada. Son efectos ópticos, pareceunos impresionante.

Para rematar, fixemos un quebracabezas dun cadro abstracto, e ao rematar baixamos as escaleiras, collemos as nosas cousas e subimos ao autobús.

Chegamos as 6 da tarde e recolléronnos os nosos pais.

Foi unha visita moi interesante que ademais de pasalo moi ben, aprendemos moitas cousas.



# Visitamos a fábrica de conservas Albo

Ola! Somos a clase de 5º e imos a falar da nosa visita a ALBO, unha fábrica de conservas que se atopa en Salvaterra de Miño. O día 30 de maio as clases de 3º, 4º, 5º e 6º fomos coñecela. Nada máis chegar reunímonos nunha sala onde tres mulleres nos recibiron e nos explicaron datos interesantes sobre a historia da fábrica. Aquí vos contamos algúns:

A conserveira Albo foi fundada en 1869 por Carlos Albo, en Cantabria. Ao principio era unha pequena empresa artesanal que producía anchoas en salazón e escabeches. Hoxe en día, elabora máis de 100 referencias diferentes: atún, zamburiñas, polbo, mexillón, pratos preparados...



Como naquela época a tecnoloxía do frío non estaba moi desenvolta era necesario que a fábrica estivera preto do porto, por ese motivo creouse en 1929 outra fábrica en Vigo. Actulmente, a conserveira trasladouse de Vigo a Salvaterra de Miño.

Outro dato curioso sobre esta conservira é que tanto a Casa Real como o Vaticano consumían os seus produtos.

Despois da explicación dividíronnos en tres grupos para facer o percorrido polas instalacións. Os de 5º fomos con Lili, a mamá de Lúa, que nos explicou o proceso do peixe dende que chega á fábrica ata que sae xa transformado en conserva. Para que vos fagades unha idea imos a contarvos os pasos principais:

Primeiro chegan os camións co peixe. A continuación, hai que limpalo moi ben, sacarlle os órganos, a cabeza e a cola. Unha vez limpo cócese no interior dunhas potas enormes. Logo, pasa



a unha sala na cal as traballadoras lle sacan as espiñas coas súas propias mans. De seguido, o peixe métese en latas e pásase por unha prensa para que entre a cantidade xusta, tápase a lata e sélase. Un dos últimos pasos é matar as bacterias e microorganismos que quedaron nas latas. Xa só queda meter as conservas en caixas que a súa vez se menten dentro de outra caixa máis grande que se recubre cun plástico e lévase ao almacén á espera de que algún cliente faga un pedido.

Ademais de coñecer o proceso da elaboración das conservas mostráronnos unha máquina para selar latas que levaba máis de 25 anos sen funcionar. No seu día selaba 6 latas nun minuto.

Podemos dicir que a fábrica é moi grande e moderna pero o punto negativo é que cheira moitísimo a peixe e algúns de nós estabamos mareados e co estómago revoltado.

Despois da visita fixemos dous grupos: **Aaaaaaaaaaatún** e **Conchas Tronchas**.



Verónica, unha das guías íanos facendos preguntas relacionadas coa excursión e cada equipo apuntaba a resposta nunha pizarra. Quedamos empatados.

Ao final da visita agasalláronnos cunha bolsa de tea que contiña dúas latas de conserva: unha de atún e outra de sardinillas.

Tratáronnos de **MARABILLA!!!**



## QUE A MÚSICA NUNCA FALTE

Este ano na aula de música do CEP Carlos Casares quixemos recuperar unha danza que se titula “ **A carrasquiña**”.

Esta danza, un xogo bailado, pertence ao grupo de xogos de roda e bailes de Galicia, onde a tradición oral tivo sempre un papel de enorme importancia. Estes xogos teñen as súas orixes nos seráns, nas festas realizadas na rúa, ou ben noutros momentos de encontro nos que, por exemplo, se realizaban distintos traballos domésticos. Había que xerar diversión, e para tal, nada mellor e máis simple que cantar e bailar.

### LETRA DA CANCIÓN

O xogo da carrasquiña  
é un xogo así ao lado.  
baixar os ollos en terra  
todo o mundo fica admirado.

Oh! Matilde, sacude a saia,  
Oh! Matilde, levanta o dedo.  
Dáme un beixo Maruxiña,  
que eu che darei un abrazo.

Ai, que vida é a nosa!,  
dar beixiños, dar abrazos.

Este ano o proxecto do colexio vai sobre “lerias e enredos doutro tempo”, e o alumnado de 1º EP, fixo unha representación desta danza. Quedaron encantados e gustoulles moito saber os enredos que tiñan os seus antepasados.

**ALUMNADO DE 1º**





## DEPORTE ESCOLAR

Este curso 2023-24, dende Educación Física, participamos en multitude de actividades do programa Xogade, a través da Asociación ADECOPAR, da que formamos parte dende o curso pasado.

Empezamos o curso coa participación no Cross de Guláns, que se levou a cabo no mes de novembro. O xoves 22 acudiron os alumn@s de 3º e 4º e o venres 23 os nenos e nenas de 5º e 6º. Foi unha xornada inesquecible que rematamos cun chocolate quente e unhas rosquillas.



**Podedes ver máis fotos empregando os códigos qr que vos levará a Galería de Fotos da páxina do cole.**



Tamén participamos en dúas Xornadas Intercentros. A primeira delas levouse a cabo o 14 de decembro e recibimos no noso cole ós nenos e nenas CEIP Pazo da Mercé, das Neves. Xogamos ó baloncesto e o floorball e despois de xogar... fixemos unha merendola todos xuntos.



Na segunda xornada, celebrada o 29 de febreiro, fomos nós os que visitamos o CEIP de Leirado. O longo da mañá xogamos ó fútbol e o balonmán. A verdade que o pasamos xenial!.



No mes de marzo, como é de costume, o alumnado de 5º e 6º acudimos ás Xornada de Badminton que organiza o Clube de Badminton de Ponteareas e que corren a cargo do seu director técnico, Víctor Lemos Ojea. Nesta ocasión desplazámonos á Ponteareas onde puidemos desfrutar dunha divertida xornada de iniciación ó badminton compartindo pistas cos nenos e nenas do CEIP de Oliveira. Algúns dos nosos compañeiros fixeron tan ben que resultaron clasificados para o Campionato Zonal Escolar que se levou a cabo o sábado 23 de marzo en Ponteareas.







No mes de abril tocoulle o turno ó Atletismo en pista. Nesta ocasión foron os alumnos de 4º e 5º os que tiveron a posibilidade de acudir ó IFEVI para desfrutar dunha xornada diferente, na que participamos en


disciplinas como: lanzamento de vortex e de peso, salto de lonxitude, 50 metros lisos ou remudas.



E por último, no mes de maio, participamos nas Xornadas de Xogos Populares que se levaron a cabo na Canuda os días 23 e 24 de maio.



# ENGLISH TIME



Let's have fun with Alphabet Dance! **We dance all together "Alphabet Dance"**. We hope everyone can enjoy learning the alphabet...

A canción estrela por deste ano no Carlos Casares nas aulas ingles do 1º e parte do 2º ciclo moi pegadiza e que nos axudou a entender moito mellor as letras en inglés.

No festival de Nadal foi a estrela, xa que a bailamos aas clases de 1º, 2º e 3º.

The Alphabet Dance requires you to create a series of movements that represents each letter of the alphabet, this activity provides students with an opportunity to explore different dance styles, use their bodies in creative ways and practice spelling at the same time .

Create an Alphabet Dance combining movements and chants, using your body in a percussive and rhythmic way.

Ufff, o de arriba e moito inglés eh, pero ven dicir que aprender as letras en inglés non é moi sinxelo que mellor forma de facelo que mediante o baile, practicando de xeito moi divertido a alfabeto en inglés e o deletreo que non é nada fácil , xa que a pronunciación das letras non é como no galego e no castelán, e moitas veces non atinamos a dicir ben a palabra, pero practicando na clase o baile e os diferentes sons das letras, somos capaces de saber escribir moitas palabras en inglés se nos din as letras...

Spelling Alphabet Dance Activity is a great way to combine their energy with spelling skills. Use the dance moves that correspond to the letters of the alphabet to have some vocabulary fun!



There are lots of benefits including...

- ➔ Better coordination skills
- ➔ Knowledge of directions (e.g. left and right)
- ➔ Better memory and cognition
- ➔ Improved balance and flexibility
- ➔ Increased social skills
- ➔ Boosts mental wellbeing



Xa estamos de novo....demasiado inglés...ou pensades que non?,que o final o importante é pasalo ben e aprender, e como pon arriba bailar este Alphabet nos axuda a coordinar, mellorar a memoria,a relacionarnos con nos mesmos e os demais e sobre todo a seguir aprendendo que é o importante , sen agobios ....Ehhhh!

Fixemos mais actividades este ano , como buscar palabras en inglés que se parecen o castelán pero que non teñen nada que ver, son os False Friends, aqui vedes un exemplo do traballo.



E non podía faltar o momentazo “Cooking Time” onde o pasamos bomba facendo pizza , aprendendo vocabulario en inglés , afianzando o spelling ( deletreo) e tendo en conta a importancia da cocina de aproveitamento e sostenibilidade en consonancia cons ODS 2030.



## AS FAKE NEWS

Na clase de 1º decidimos saber se toda a información e cousas que se ven na Internet son verdade...e non é así


A desinformación e información falsa ou **Fake News** é difundida por persoas que cren que é certa. Isto é diferente das "noticias falsas" e a desinformación. As noticias falsas refírense a sitios web que comparten información errónea ou desinformada, pero tamén se refire a aqueles que pretenden ser fontes de noticias confiáveis.

Ás veces, a xente utiliza o termo "noticias falsas" para desacreditar información veraz. Como tal, é mellor utilizar termos máis xerais como "desinformación".

A desinformación é información falsa que alguén ou un grupo difunde en liña sabendo que é falsa. Xeralmente, fan isto cunha intención específica, xeralmente co propósito de influír noutros para que crean no seu punto de vista.




Atopamos un vídeo no que nos decían que se colocabamos un ovo en Sprite con lacasitos de cores, nuns días volvíase transparente e a xema cambiaba e no canto de ser amarela poñíase da cor dos



lacasitos que colocamos no líquido ...

A verdade foi que nun primeiro momento pensamos que podería chegar a pasar, pero a nosa experiencia foi que non pasou nada diso..

Os ovos quedaron como estaban e tivemos que tiralos ao lixo, botaban un cheiro tremendo...



**INFORMARSE É IMPORTANTE PARA  
SABER A REALIDADE NA QUE VIVIMOS**




# RELIXIÓN



## 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O alumnado do CEP Carlos Casares mostramos a nosa repulsa á Violencia de Xénero e investigamos sobre os distintos tipos de violencia de xénero.



**NADAL**

Montamos o Belén na entrada do cole e... unha árbore de Nadal con libros que despois decoramos con anxos.







## DÍA ESCOLAR DA PAZ E NON VIOLENCIA

O 30 de xaneiro celebrouse o Día da Paz e non Violencia. Na clase de Relixión os nenos /as de 3º curso estivemos a ler o libro "Que viva a Paz". Os nenos/as de 4º elaboramos o programa de radio "Especial Día da Paz". Os nenos/as de 1º e 2º curso traballamos a Magatma Gandhi e montamos a nosa pomba da paz.



## DÍA INTERNACIONAL CONTRA O AGOSO ESCOLAR

Traballamos a curtametraxe "El sándwich de Mariana" en 4º, 5º e 6º e lemos algúns libros relacionados coa temática. O alumnado de 3º emitiu o programa de radio "Especial Día internacional Contra o Acoso Escolar".





# A cabeza non para!



Na seguinte figura aparece unha raíña, pero tamén se agacha un rei. Serías quen de atopalo?

Tenta descubrir como rematará a seguinte secuencia. Aínda que non o pareza, a terceira fila non está errada!

8		→ 4
14		→ 7
0		→ 4
10		→ ?

A partires da palabra que debe estar na primeira fila (mira o debuxo), e cambiando cada vez unha soa letra, consegue chegar a palabra da última fila.




Estes enigmas foron seleccionados pol@s merluz@s de 4º dos libros de Miquel Capó.

## DESPEDIDA DO ALUMNADO DE 6º

Ola de novo! Somos os de 6º e aínda que é unha pena, este ano é o último que pasamos neste cole porque marchamos ao instituto. Non podemos irnos sen recordar algúns momentos dos cursos polos que pasamos.

Comezaremos por primeiro, neste curso a nosa clase contaba con nove alumnos e unha anécdota divertida era que xogabamos moitísimo á pita zombi.

Continuaremos por segundo; neste curso a COVID 19 chegou ao cole e tivemos que marchar ás nosas casas para refuxiarnos.

En terceiro, grazas a nós, debaixo das escaleiras tiveron que por unha rede para que non seguíramos cavando debaixo das escaleiras.

Un ano despois, as nosas ganas de cavar non pararon e seguimos cavando no parque de terra e por iso hai moitos buratos.

En quinto, participando en ciberseguridade, quedamos cuartos e case nos clasificamos. Cremos que esa clase está encantada porque os de 5º de este ano quedaron primeiros clasificados.

E agora no presente, en sexto, tivemos que graduarnos dunha vez por todas, despois de seis anos xa chegamos a este momento tan importante; o cambio de etapa.

Queremos aproveitar este momento para agradecer a tódolos/as mestres e mestras que estiveron con nós e tamén aos compañeiros que tivemos ao longo destes seis cursos. E por suposto, merece unha mención especial a nosa tartaruga Lúa. Ela tamén medrou tanto coma nós.

Adeus!





## DESPEDIDA AO ALUMNADO DE 6º

Queridos alumnos e alumnas de sexto,

Chega o momento de despedirnos desta etapa tan importante das vosas vidas e non podo evitar sentir unha inmensa gratitude polo camiño percorrido xuntos. Este ano foi, sen dúbida, especial e inesquecible, cheo de aprendizaxes, retos superados e moitas risas compartidas.

Quero felicitarvos de corazón polo voso esforzo e dedicación. Ao longo de toda a vosa etapa escolar, especialmente neste último ciclo, amosastes un compromiso e unha constancia admirables. A vosa actitude positiva e o voso interese por aprender fixeron que cada día na aula fose unha oportunidade para crecer e mellorar.

Non podo deixar de mencionar o compañeirismo que vos caracteriza. A vosa capacidade para traballar en equipo, para apoiarvos mutuamente e para colaborar en todas as actividades propostas ao longo do curso, foi un exemplo para todos nós. Grazas a vós, a aula converteuse nun lugar de respecto, amizade e colaboración.

Agora, iniciades unha nova etapa no instituto, chea de novas oportunidades e desafíos. Deséxovos toda a sorte do mundo nesta nova andaina. Lembraide sempre a importancia de ser constantes no estudo, de ler tódolos días, de manter a curiosidade e as ganas de aprender, e de seguir sendo bos compañeiros e compañeiras.

Estou seguro de que, con todo o que aprendestes aquí, estades preparados para afrontar con éxito os novos retos que vos esperan. Recordade sempre que o máis importante é ser boa persoa, e que con esforzo e dedicación podedes conseguir todo o que vos propoñades.

Foi un pracer ser o voso titor. Levaredes sempre un anaco do meu corazón convosco. Boa sorte e ata sempre!

Con moito cariño,

Fran



# PATROCINA



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA  
CEP CARLOS CASARES  
Alxén - Salvaterra